

# **IDADE E SEXO NA MOBILIDADE XEOGRÁFICA E OCUPACIONAL. UN CASO DE ESTUDIO NA INDUSTRIA CONSERVEIRA GALEGA: BUEU (1870-1960)<sup>1</sup>**

*Luisa Muñoz Abeledo*

*Universidade de Santiago de Compostela*

## **1.- INTRODUCCIÓN**

O análisis da interacción entre a familia e o cambio socioeconómico permite entender cales foron as transformacións sociais máis importantes derivadas da industrialización, a natureza da formación do mercado de traballo e relacións laborais<sup>2</sup>. Nas derradeiras décadas, algúns historiadores puxeron de manifesto que a familia é un axente activo que resposta as novas oportunidades económicas (Anderson 1971, Tilly and Scott 1978, Hareven 1982) mentres que os economistas examinaban a asignación racional do traballo nas bases da economía familiar no pasado e no presente (Becker, 1981).

Este traballo céntrase nas estratexias de mobilidade ocupacional e xeográfica seguidas polas familias baixo a influencia de cambios estruturais no mercado de traballo no longo prazo e nun contexto xeográfico concreto: o establecemento e evolución da industria de conservas de peixe galega no período 1870-1960. O enfoque é micro-histórico e propón como caso de estudio o concello de Bueu. Esta poboación é obxecto de interese porque constitúe un magnífico exemplo das poboacións da costa galega afectadas pola localización da industria conserveira a finais do século XIX, na década de 1880.

En primeiro lugar, analizarase a diferente estrutura ocupacional por sectores enfatizando as decisións migratorias e de asignación do traballo das familias ante a transformación do mercado de traballo local. Estúdiase a variable inmigración por estar directamente relacionada co establecemento da industria de procesado de peixe que estimulaba migracións internas e externas. No caso de Bueu, a mobilidade xeográfica era familiar e individual. En segundo lugar, se examinan detidamente os mecanismos de asignación do proceso de traballo e estratexias seguidas no seo da familia, particularmente os principais cambios da estrutura ocupacional segundo idade e sexo. Neste sentido, enfatízase a importancia do traballo feminino

---

<sup>1</sup> Quero agradecer o soporte humano e técnico prestado por toda-las persoas relacionadas directa e indirectamente tanto co Arquivo Histórico do Concello de Bueu como co Arquivo da empresa Massó.

<sup>2</sup> Hareven, T., "The History of the Family and the Complexity of Social Change", *American Historical Review*, 1996, 91, 1, 95-124.

Alguns investigadores argumentan que no longo dos séculos XIX e XX, o traballo feminino seguía o ciclo de vida. As mulleres comenzaban a traballar na adolescencia e deixaban de facelo despois do casamento ou do nacemento do primeiro fillo (Hareven e Model 1980; Goldin 1986). Nembargantes, isto varía segundo a industria. Nas industrias de procesado de alimentos, particularmente na industria de conservas de peixe, as mulleres casadas seguen a traballar, aínda que o mercado de traballo está segmentado por sexo (Phillips and Brown, 1986; Muszinsky, 1986; Ruiz, 1987; Newell, 1988).

As fontes históricas e mailas estadísticas sociolaborais recentes non son fiables porque ocultan parte da forza de traballo<sup>3</sup>. Istan fontes tampouco presentan as veces unha distribución sectorial suficientemente desagregada da ocupación por sexos e grupos de idade que revelaría unha maior participación da muller no mercado laboral. En cambio, este traballo combina fontes demográficas e empresariais. As fontes principais son os "Libros de Xornais" da empresa Massó nos anos 1924 e 1960, así como os Padróns de Poboación para 1870, 1924, 1960. As fontes secundarias quedan constituídas polos diarios locais, e outros documentos do Arquivo Histórico do Concello de Bueu. A metodoloxía seguida consiste no enlace nominativo entre as dúas fontes principais e algunhas secundarias. Mediante o análise transversal dos anos 1870, 1924, 1960 coñecemos os cambios principais da estrutura poboacional de Bueu. O cruce de información entre os datos da compañía e os da poboación determinan a composición da forza de traballo (orixe, estado civil, idade).

## 2.- A FORMACIÓN DA INDUSTRIA DE TRANSFORMACIÓN DO PEIXE E O MERCADO DE TRABALLO LOCAL NA COSTA GALEGA

A formación da industria de conservas de peixe en Galicia produciuse no período comprendido entre 1882 e 1905<sup>4</sup>. A mecanización de certas fases do proceso productivo tivo lugar na primeira década do século XX<sup>5</sup>. A industria conserveira estaba concentrada especialmente nas Rías Baixas e Vigo; e aquí se agrupaban no 1907 o 40 por cento das fábricas, sendo a sardiña a principal especie enlatada no período. Un dos factores clave que influíu no incremento da produción i exportación de conservas de peixe foi a modernización na pesca. A adopción de novas embarcacións –economicamente accesibles para as familias de pescadores– contribuíu a que os propietarios das firmas conserveiras non

<sup>3</sup> A investigación sociolóxica aínda máis recentemente mostra un problema de subregistro de mariscadoras en distintos municipios da costa galega (6.075 mulleres) como a illa de Arousa, O Grove, Cambados, Vilanova, Vilagarcía, Rianxo, Boiro, Caramiñal e Riveira en 1975. A categoría censal "sus labores" constituía o 69% da poboación feminina o que confirma a tendencia a subregistrarse o traballo feminino no século XX. Ver en Pardellas, X. "El trabajo de la mujer en la pesca y el marisqueo en Galicia" en *Jornadas sobre economía y sociología de las comunidades pesqueras*, Universidade de Santiago de Compostela, 1987, pp. 431-452.

<sup>4</sup> A ausencia da sardiña bretona e o tratado firmado con Fancia en 1882 iniciou o desenrolo da industria conserveira, dándose algúns casos, o máis representativo é o de Massó, de empresas mixtas. Dende 1880 ata 1905 o número de factorías incrementouse de 10 a 82, e tamén as exportacións (de 230 tm. en 1880 a 10.560 tm. en 1905) en Galicia. Ver Carmona, J., "La industria conservera gallega, 1840-1905" en *Papeles de economía española*, Vol. 3, 1983, pp. 177-191.

<sup>5</sup> A innovación tecnolóxica e os problemas da mecanización no sector conserveiro son tratados por Carmona, J. en "Crecimiento de la industria de conservas de pescado, 1900-1936," Nadal, J. e Catalán, J. eds. *La cara oculta de la industrialización española. La modernización de los sectores no líderes (siglos XIX y XX)*, 1994, Madrid, pp. 127-162.


precisaran investir tanto capital na actividade extractiva e concentraran o investimento na conserva.<sup>6</sup>

### **2.1 Cambios na estrutura da ocupación e mobilidade xeográfica en Bueu, 1870-1924**

O establecemento da industria de conservas de peixe foi crucial na relativa modernización económica da costa galega. Isto pódese apreciar nalgunhas poboacións costeiras como Bueu na que os baixos niveis de emigración e o crecemento do sector secundario eran consecuencia do desenrolo da actividade transformadora do peixe. Bueu estivo no grupo de vilas que levaron a cabo a transición da salgazón á industria de conservas de peixe en Galicia<sup>7</sup>.

*Figura 1.*

#### **Ocupacións en Bueu, 1870. (T. Mostra=1297)**



Fonte: Padrón de Poboación 1870, AHB

En torno a 1870, como se aprecia na Figura 1 e na Taboa A.1 do Apéndice, Bueu non constituía simplemente unha sociedade campesiña xa que o sector agrario representaba o 30 por cento da ocupación. Isto non foi inusual ao longo da costa posto que as poboacións

<sup>6</sup> Ver o traballo de X. Giraldez sobre a modernización da pesca galega, Giraldez, X. Crecimiento y transformación del sector pesquero gallego (1880-1936), Madrid, 1996.

<sup>7</sup> No ano 1883, Massó e a firma francesa Dargenton fundaron unha sociedade mixta en Bueu "La Perfección". Massó contribuíu co edificio (a antiga factoría salazoeira), xestionando produción e vendas. A firma francesa contribuíu coas novas técnicas de transformación do peixe e co capital humano para levar a cabo o proceso productivo.

costeiras do Noroeste español tampouco foron estrictamente rurais<sup>8</sup>. A salgazón de peixe era unha actividade económica importante. Esta industria de carácter artesanal estaba basicamente xestionada por familias de "fomentadores"<sup>9</sup> de orixe catalán. Estas familias de negociantes estableceron as primeiras factorías de peixe salgado, e tamén foron dos pioneiros en constituir a industria conserveira en Galicia. A estratexia migratoria seguida por estas familias era basicamente económica, explotar a transformación e venda da sardiña. En Bueu, vivían na mesma área e representaban a clase alta da vila. Estes inmigrantes con capital mantiveron a endogamia ao longo de máis dunha centuria caracterizándose por seguir a continuidade da familia extensa<sup>10</sup>. En contraste, temos as familias de traballadores e especialmente as mulleres que atopaban na salgazón novas oportunidades de emprego<sup>11</sup>. No padrón de 1870 rexistráronse 20 familias nas que todos-los membros procedían de fora de Bueu. Estas familias eran nucleares de 4 ou 5 membros, incluídos nenos pequenos<sup>12</sup>.

O sector secundario representaba o 56 por cento da ocupación i estaba composto pola industria tradicional da salgazón e outras actividades artesanais cunha forza de traballo maiormente femenina. Algúns oficios tradicionais como os "carpinteiros de ribeira" e as "atadeiras"<sup>13</sup> mantiñan unha estreita relación coa pesca e a salgazón. Un 53 por cento dos habitantes de Bueu<sup>14</sup> traballaban directamente para os almacéns de salga (9). Ademais descúbrese que no período anterior à formación da industria conserveira a actividade "industrial tradicional" era a maior fonte de emprego do pobo. Sector servicios e comercio com-

<sup>8</sup> En xeral, o Censo Español de 1887 mostra que a porcentaxe de homes empregados na agricultura na Península do Morrazo, onde se localiza Bueu, era inferior a un 58 por cento. Ver en Reher, Pombo, M. y Noguera B. (1993), *España a la luz del Censo de 1887*, Madrid, pp. 52-53.

<sup>9</sup> Os fomentadores catalanes trouxeron novas artes de pesca, as "xábegas" e modificaron a organización do traballo na salgazón de sardiña. O mercado da produción de sardiña era basicamente o Mediterráneo español. Para máis información, véxase, Alonso, A. *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen 1750-1830*, Madrid, 1976.

<sup>10</sup> Algúns historiadores (Anderson, 1977; Hareven, 1982) puxeron de manifesto que o parentesco xogaba un papel vital nas migracións e adaptación à vida industrial i que a unidade familiar non se desintegra.

<sup>11</sup> O número de mulleres inmigrantes solas, solteiras e viúvas, era remarcablemente máis alto co dos homes (40 e 29 por cento respectivamente), e as primeiras eran en promedio máis vellas cos últimos. As xornaleiras de fora casaban con xornaleiros de fora, non naceran en Bueu nada máis que en dous casos, pero xeralmente eran da mesma provincia. Fonte: *Padrón de Poboación de 1870*.

<sup>12</sup> A maioría das familias viñan das municipalidades máis cercanas (Marín, Cangas, Moaña) ou doutras parroquias do mesmo concello (Beluso, Hermelo, Cela, Couso). O principal grupo de chegadas estaba entre as idades de 30 e 40 anos. Os nenos que emigraban alí tiñan idades entre 1 e 10 anos, o cal suxire emigración familiar. A decisión de trasladarse dende as súas plazas de orixe era lóxica considerando co número de membros non activos era máis elevado co número de non-activos. Camps, E. y Reher, D.H. "Las economías familiares dentro de un contexto histórico comparado", *Revista española de investigaciones sociológicas*, 55, 1991.

<sup>13</sup> Nembargantes, éstas supostas costureiras (12) adicábanse ao cuidado e reparación de redes. Nalgunhas das poboacións costeiras do País Vasco atopamos o mesmo tipo de actividades auxiliares da pesca. González Portilla mostra algún caso: "*Según el Censo de Policía (1825) en Plenzia el 14,56 % de la población eran artesanos-textiles (3,56%) y costureras (11 %). Ambos estaban relacionados con la fabricación y reparación de redes*". Ver en González Portilla, M. "Internacionalización de la economía vasca y protoindustria", *Boletín ADEH*, 1994, vol. 4. p. 37. En Bueu, os "carpinteros de ribeira" adicábanse a construír as embarcacións para a pesca. No cor da municipalidade cóntanse 13 que representaban a metade dos ocupados en oficios tradicionais, *Subsidio industrial de 1875*, AHB.


<sup>14</sup> Iste é o porcentaxe sobre a mostra poboacional de 1925 habitantes como se pode ver na Táboa A.1 do Apéndice (Fonte: Padrón de 1870, AHB).

prendían o 4 por cento da forza de traballo total, procedendo os empregados do sector servicios doutras vilas galegas (Santiago, Ferrol, Sanxenxo). O servizo doméstico estaba claramente relacionado coa presenza dos “fomentadores.” As criadas proviñan dos concellos próximos ou doutras provincias, o cal podería significar un elemento de diferenciación social do mencionado grupo de familias catalanas.

A continuación dunha industria intensiva en traballo como era a da salgazón e mailo establecemento dunha relativamente máis intensiva en capital como a da conserva en lata, creaban un incremento da demanda de diferentes actividades económicas dinamizando a modernización na pesca, construción de embarcacións, produción de envases (caixas, tonéis, latas) e ocupacións vencelladas. Polo tanto, no ano 1924, a estrutura ocupacional da costa aparece modificada como consecuencia lóxica do proceso de industrialización.

Figura 2.

### Ocupacións en Bueu, 1924. (T.Mostra=1210)



Fonte: Padrón de Poboación en 1924, AHB

Nota: Mulleres labregas é insignificante (0.16%) para aparecer no gráfico.

No 1924, había dúas empresas conserveiras e tres de salgazón en Bueu<sup>15</sup> representando o sector secundario o 63 por cento do total, como se aprecia na Figura 2. Como consecuencia do incremento de oportunidades de emprego no sector conserveiro prodúciuse o declive do emprego no agro (1 por cento). En contraste con 1870, a ocupación na pesca medrou máis do dobre en termos absolutos no 1924, representando nesta data o 25 por cento do total de ocupacións. Comercio e servizos adquiriron unha certa importancia, fundamentada basicamente no incremento do emprego público e de servizos persoais (xastres, barbeiros,

<sup>15</sup> É necesario ter en conta que non sómentes o sector conserveiro moderno estaba consolidado neste período, tamén o tradicional de procesado de peixe era importante en termos de creación de emprego.

electricistas, etc). As Figuras 1 e 2 presentan un alza, do 4 por cento en 1870 ao 11 por cento no 1924.

O cambio económico en Bueu influíu nas estratexias migratorias das familias. No 1924 a balanza migratoria desta poboación era positiva<sup>16</sup> o cal suxire que non todas as vilas costeiras eran expulsoras de poboación ou constituían un nexo entre áreas do interior e a emigración ultramarina. No caso de Bueu, os asentamentos eran permanentes (máis de 10 anos o 57 por cento dos inmigrantes). Algunhas familias retornaban de Arxentina e Cuba establecéndose no comercio. Outras familias e tamén homes solteiros -xornaleiros e traballadores especializados- procedían de Portugal. A inmigración interna no 1924 modificouse como consecuencia da actividade industrial. Un grupo relativamente pequeno chegaba das municipalidades próximas, desaparecendo a figura do inmigrante labrego. Oposto a pauta migratoria seguida en 1870, a mobilidade xeográfica feminina de xornaleiras procedentes de outras provincias incrementouse no 1924. As familias coruñesas e ourensanas rexistradas no padrón de 1924 estaban ocupadas no comercio e en actividades artesanais. Tamén, chegados dende principios do século XX segundo o Rexistro de Emigración do concello de Bueu, cabe mencionar ás familias de negociantes italianos, Gaggero e Pazzino, que estableceron unha compañía de salgazón.

## 2.2 Cambios na ocupación segundo idade e sexo, 1870-1924

O examen da ocupación segundo idade e sexo nos dous anos provee unha pintura máis complexa da formación do mercado de traballo en Bueu (Ver Táboas 1 e 2 e Taboa A.1 do Apéndice).

Táboa 1. Tasa de actividade masculina en Bueu, 1870

Idade	Total N	Tasa Activ.	Pesca %	Agro %	Salga %.	Ofic.Trad.. e Ind.%	Com.e Serv. %
0-5	120						
6-10	111	24.3		40.7	59.2		
11-15	82	59.7	2.0	32.6	65.3		
16-20	50	72.0	36.1	13.8	44.4	5.5	
21-25	50	96.0	20.8	16.6	52.0	10.4	
26-30	83	97.5	27.1	23.4	32.0	13.5	3.7
31-35	28	82.1	34.7	26.0	21.7	8.6	8.6
36-40	51	100.0	41.1	13.7	25.4	11.7	7.8
41-45	33	87.8	13.7	37.9	31.0	10.3	6.8
46-50	54	96.2	30.7	19.2	34.6	9.6	5.7
51-55	32	100.0	25.0	18.7	43.7	6.2	6.2
56-60	37	100.0	24.3	35.1	29.7	10.8	
61-65	19	94.7	16.6	38.8	44.4		
>65	52	73.0	21.0	60.5	18.4		
Total	802	76.8	23.5	26.6	39.1	7.6	3.0

Fonte: Padrón de Poboación en Bueu, 1870, AHB.

<sup>16</sup> Os inmigrantes eran 140 e os emigrantes eran 88, e representaban un 6 por cento do total da mostra de poboación de 2132 habitantes no 1924 (Ver Táboa A.1 do Apéndice estadístico).

*Táboa 2. Tasa de Actividade Feminina. Bueu, 1870*

Idade	Total N.	T. Activ.	Agro %	Salga %	Ofic. Trad e Ind. %	Com.e Serv. %
0-5	119					
6-10	124	33.8	47.6	52.3		
11-15	79	36.2	35.5	57.7	4.4	2.2
16-20	89	68.5	25.8	69.4	2.3	2.3
21-25	120	81.4	36.6	55.4	2.9	4.9
26-30	129	95.9	26.0	63.8	5.0	5.0
31-35	51	88.2	37.7	53.3	4.4	4.4
36-40	80	73.7	27.1	66.1	5.0	1.6
41-45	55	92.7	31.3	62.7	3.9	1.9
46-50	80	86.2	23.1	69.5	2.8	4.3
51-55	47	93.6	34.0	59.0	2.2	4.5
56-60	69	89.8	31.2	64.0	1.5	3.1
61-65	68	88.4	42.8	54.2		2.8
>65	47	87.2	36.1	63.8		
Total	1123	77.4	31.9	61.7	3.0	3.2

Fonte: Padrón de Poboación en Bueu, 1870, AHB.

No ano 1870, cando salgazón e agricultura constituían as actividades económicas predominantes, a distribución agregada das ocupacións por sexo era 41 por cento a masculina e 59 por cento a feminina. Todas-las categorías de mulleres traballaban -casadas, solteiras e viúvas-, e tamén os nenos. Polo tanto, non soamente os homes eran os chamados "ganadores do pan."

Os nenos de Bueu traballaban no campo, no mar e na salgazón no 1870. Como se pode apreciar nas Táboas 1 e 2, a participación dos nenos menores de 15 anos na industria da salgazón era maior ca das nenas. Ambos sexos comezaban a traballar fora da casa entre os 6 e 8 anos. Isto traducíase en baixos niveis de educación infantil en Bueu no 1870:<sup>17</sup> a tasa de escolarización era 29.9 a masculina e 23.4 a feminina neste grupo de idade. No seguinte, de 10 a 15 anos, a actividade incrementouse para ambos sexos na salgazón o que implicaba a continuidade das baixas taxas de escolarización, 15.8 por cento para os rapaces e 11 por cento para as rapazas. As familias asignaban os seus recursos humanos para maximizar o ingreso. Enténdese que o traballo agrario era basicamente familiar, polo tanto que os nenos axudaran aos seus pais non implicaba unha contribución monetaria directa ao presuposto familiar. Isto ocurría en xeral en áreas rurais<sup>18</sup>. A demanda estacional do traballo na salgazón facía que enviar aos adolescentes á industria fora unha boa estratexia para as

<sup>17</sup>Estos son datos de alfabetización de España presentados por C. E. Nuñez, que mostra as mesmas en diferentes rexións en periodos. As galegas ían desde 20 a 30 por cento en 1860, o cal era un nivel baixo en termos nacionais. Ver en, *La fuente de la riqueza. Educación y desarrollo económico en la España Contemporánea*, Alianza Universidad, Madrid, 1992, pp. 94-120.

<sup>18</sup> En Castilla, os nenos usábanse en múltiples tarefas, especialmente axudaban na colleita. Reher sinala que nas cidades os nenos entraban no proceso de produción industrial máis tarde que en comunidades rurais. Reher, D. *Perspectives on the family in Spain, past and present*, 1997, Oxford, p. 227.

familias de Bueu. En cambio, os mozos entre 15 e 20 anos declinan a súa participación na industria casi na metade. O mercado de traballo adulto abríalles novas oportunidades convertíndose en mariñeiros como os seus pais. Pola súa parte, as rapazas entre 15 e 20 anos aparecen máis vencelladas á fábrica cas máis novas.

O mercado de traballo adulto mostra unha alta participación masculina na pesca entre os 36 e 40 anos de idade (41,1, ver Táboa 1). Para aqueles maiores de 40 anos, a actividade medraba na salgazón, mentras decrecía na pesca probablemente debido a unha certa mobilidade ocupacional entre estas actividades complementarias. As mulleres tiñan unhas altas taxas de participación para todo-os grupos de idade, só declinando para o grupo entre 36 e 40 anos como se aprecia na Táboa 2. Quizáis, este declive estaba vencellado a unha tardía idade media de acceso ao matrimonio (27 anos)<sup>19</sup>, e polo tanto a presenza de fillos pequenos no fogar. A pesar disto, as taxas medraron a partir dos 40 e permaneceron altas ata os últimos grupos de idade. A evolución das mesmas indica unha continuidade na importancia do traballo feminino fora do fogar para soste a economía familiar.<sup>20</sup> As comunidades da costa, particularmente Bueu, siguen unha pauta diferente as comunidades agrícolas<sup>21</sup> e mesmo cidades industriais<sup>22</sup> en España.

Claramente, a modernización das pesquerías modificou a composición por idade e sexo no mercado de traballo. O cambio máis importante, obvio no padrón de 1924, foi o declive do traballo infantil. Este desaparece entre os 6 e 10 anos de idade como mostran as Táboas 3 e 4, o cal podería significar un incremento dos niveis de benestar no primeiro tercio do século XX, correlacionado cun incremento na taxa de escolarización. A nova lexislación de 1900 prohibía o traballo a menores de 10 anos,<sup>23</sup> e limitaba o traballo dos adolescentes menores de 14 a 6 horas por día en calquera factoría.

<sup>19</sup> Rowland, R. (1988), "Sistemas matrimoniales en la Península Ibérica (s. XVI-XIX): Una perspectiva regional", en V. Pérez Moreda y D.S.Reher, *Demografía Histórica en España*, pp. 72-137. O traballo de Hilario Rodríguez confirma este modelo rexional. No século XVIII o modelo demográfico da península do Morrazo estaba caracterizado por unha fecundidade restrinxida, elevada idade de acceso ao matrimonio (en Bueu 27,5) e unha media de 4,7 nenos. Ver en Eiras Roel, A. "Características demográficas de la población de el Morrazo. In memoria de Hilario Rodríguez Ferreiro" en *Boletín del ADEH*, , XIII, 3, 1995, pp. 9-17. Noutras poboacións, por exemplo da costa sueca, os homes casaban por riba dos 26 e as mulleres dos 25. Ver en Rogers, J. e Tedebrand, L., "Living by the sea: Farming and fishing in Sweden from the late eighteenth to the early twentieth century" en *Journal of Family History*, Volume 18, Number 4, 1994, pp. 369-393.

<sup>20</sup> Nas familias de pescadores estudadas por Le Play (1990: 92, 146), as mulleres contribuían entre un 18 e un 24 por cento do ingreso familiar sen incluír o traballo na casa.

<sup>21</sup> En Castilla, segundo Reher, a participación da muller no mercado de traballo era complementaria ao seu papel reproductivo. Ver Reher (1997), op. cit, p. 230.

<sup>22</sup> En cidades industriais como Sabadell, as taxas de emprego feminino disminuían a partir dos 30 anos. Ver en Camps Cura, E. *La formació d' una ciutat catalana sota l' impuls de la industrialització*, Tesina de Master, Facultat de Economía, Universitat Autònoma de Barcelona, 1985.

<sup>23</sup> Ver a "Ley del 13 de marzo de 1900" acerca das condicións de traballo das mulleres e nenos en *Anuario Español de Política social* (1934-35), p.368. A lexislación que prohibía o traballo infantil era internacional, pero no caso da industria conserveira facíanse algunhas excepcións. Por exemplo, en EEUU, nos estados de California o Maryland a entrada no mercado de traballo fixébase por lei en 12 anos desde 1901. A pesar disto, as conserveiras estaban exentas dunha idade mínima para os escolares en periodo vacacional. Polo tanto, o factor económico era máis importante co legal a hora de determinar a demanda e composición do traballo. Para maior información ver Brown, M., Christiansen, J., and Philips, P. "The Decline of Child Labor in the US. Fruit and Vegetable Canning Industry: Law or Economics?". *Business History Review*, Vol 66, Winter, 1992, pp. 723-770.

*Táboa 3. Tasas de actividade masculina in Bueu, 1924*

Idade	N.Total	T. Activ.	Pesca %	Agro %	Salga. Con%.	O. Trad e Ind.%	Com. e Ser %
0-5	140						
6-10	133						
11-15	132	13.6	55.5		44.4		
16-20	119	81.5	61.8		11.3	6.1	20.6
21-25	108	75.9	70.7		13.4	1.2	14.6
26-30	69	92.7	53.1		26.5	1.5	18.7
31-35	57	91.2	53.8	1.9	13.4	1.9	28.8
36-40	47	91.4	32.5		23.2	9.3	34.8
41-45	66	92.4	39.3	3.2	31.1	11.4	14.7
46-50	52	92.3	52	2	18.7	6.2	20.8
51-55	39	97.4	47.3	2.6	26.3	7.8	15.7
56-60	37	78.3	48.2	3.4	13.7	13.7	20.6
>60	44	63.6	53.5	17.8	21.4	7.1	0
Total	1043	62.7	53.1	2.1	20.3	5.6	18.6

*Fonte:* Padrón de Poboación de 1924, AHB.

*Táboa 3. T. Actividade Feminina en Bueu, 1924*

Idade	Total N.	T. Activ.	Salga. Can %	Com. Serv %
0-5	129			
6-10	115			
11-15	122	25.4	100	
16-20	126	68.2	95.3	4.6
21-25	108	76.8	97.5	2.4
26-30	79	88.6	97.1	2.8
31-35	72	91.6	98.4	1.5
36-40	65	83.0	96.2	3.7
41-45	54	90.7	95.9	4
46-50	69	97.1	94	5.9
51-55	35	85.7	100	
56-60	32	84.3	100	
>65	93	86.0	100	
Total	1099	75.2	100	

*Fonte:* Padrón de Poboación de 1924, AHB.

A modernización da pesca contribuíu a que se incrementaran as taxas de participación dende os 15 anos ata os 25 (55,5-70,7) como se deixa ver nas Táboas 3 e 4. Dende este punto do ciclo de vida, as taxas caen lixeiramente e logo mantéñense ata os 55 anos de

idade, reducíndose a partir deste intre como sucedía no ano 1870. A participación dos homes no sector secundario declina segundo o cambio técnico. Nos primeiros anos de formación da industria a mecanización era lenta e o mercado de traballo era xerárquico<sup>24</sup>. Despois, as ocupacións e os traballadores cambiaron. Unha vez mecanizado o proceso de soldado produxose unha caída dos soldadores manuais. Estes traballadores foron reemplazados por man de obra barata, por mulleres semi-cualificadas que levaban a cabo o soldado das latas despois dun curto proceso de aprendizaxe<sup>25</sup>. Deste xeito, o mercado de traballo na conserva galega flexibilízase no primeiro tercio do século XX. Para as mulleres, a difusión das novas tecnoloxías significaba mobilidade ocupacional horizontal do traballo feminino en tarefas tais como soldado ou troquelado.

As mulleres constituían a maioría da forza de traballo na industria de transformados de peixe en Bueu no 1924, o cal é un elemento común que caracteriza á industria conserveira. Por exemplo, en California, as mulleres constituían o 75 por cento da forza de traballo na conserva no 1945<sup>26</sup>. En Noruega, as mulleres dominaban na industria transformadora do peixe, aínda que a división do traballo favorecía aos homes, que estaban millor remunerados<sup>27</sup>. En Bueu, a pesar da segmentación por sexo na industria conserveira, a taxa de participación feminina mantense alta, caendo lixeiramente dun 89 por cento no 1870 a un 83 por cento no 1924. Compre ter en conta que o traballo feminino na industria non estaba completamente cuantificado no padrón do 1924, en parte debido a natureza estacional da industria. As mulleres podían non estar traballando cando se fixo o padrón e seren rexistradas de oficio "*sus labores*". Isto implicaba unha suma de 448 individuos.<sup>28</sup> Non obstante, as mulleres casadas continuaban a traballar, entrando e saíndo estacionalmente do mercado de traballo industrial segundo a demanda de traballo. Esta ocultación do traballo feminino tamén se daba noutros sectores como o textil. No ano 1919 o padrón de Sabadell ocultaba un 40 por cento do traballo feminino no textil<sup>29</sup>.

<sup>24</sup> O sector primario de traballadores estaba dividido en dous segmentos: no primeiro inclúense o director, o maestro de soldadores, o capataz, e o fogoneiro. Todos eles tiñan salarios fixos e controlaban ou ben as máquinas ou ben aos traballadores. No segundo segmento do sector primario os empregados eran soldadores e troqueladores, producían latas no taller, traballando a destallo. O sector secundario estaba constituído por xornaleiras (limpar e preparar o peixe, cocción, fritura, o enchido da lata, etc). Reglamente de "La Perfección", 1883, Arquivo Massó.

<sup>25</sup> Ver o caso da industria conserveira americana. Ver Brown, M., and Philips, P. (1986), "Craft Labour and Mechanization in Xth century American Canning" in *Journal of Economic History*, n. 3 pp. 134-135.

<sup>26</sup> As conserveiras de California contrataron 16.000 mulleres en 1900, i en 1939 aproximadamente 75.000 mulleres dependían deste emprego. Ver Ruiz, V., *Cannery women cannery lives*, Albuquerque, 1987, p. 24.

<sup>27</sup> Nyseth, Toril, "The young Girl's migration from Finnmark." In D. Grobeck e S. Gerrad, eds. *Women in the Norwegian Fisheries*, (FDH Report), Op. cit. en Nadel Klein, J. E Lee Davis, D. *To work and to weep. Women work in fishing economies*, 1987.

<sup>28</sup> A pesar de que a identificación de estas mulleres como xornaleiras poida levar a una sobre-estimación das mesmas é bastante realista debido a que mediante o cruce cos datos de empresa aparecen traballando en Massó Segundo as mulleres encabezando o fogar e con categoría "sus labores" tiñan ingresos de entre 1 e 3 ptas diarias en 1924. Terceiro, 3 factorías permanecen en Bueu e as mulleres reemplazan parcialmente aos homes nesta industria.

<sup>29</sup> Para máis detalles acerca dos problemas de rexistro en fontes demográficas, ver Camps, E. *De ocupación sus labores. El trabajo de la mujer en los albores del siglo XX (Sabadell 1919-20)* Working Paper, Universitat Pompeu Fabra, 1996 pp. 3-5.

### **3.- A EVOLUCIÓN DA INDUSTRIA CONSERVEIRA E O MERCADO DE TRABALLO NA COSTA GALEGA, 1924-1960**

Despois dun período de crecemento,<sup>30</sup>a industria conserveira, dirixida aos mercados internacionais, sufriu os efectos da Crise de 1929<sup>31</sup>. Logo os conserveiros orientáronse ao mercado interno<sup>32</sup>. Durante a Guerra Civil a industria acadou o máximo de produción por anos de boa pesca e o soporte do goberno, que precisaba de moeda estranxeira e do abastecemento de comida no período bélico. Despois do mesmo, a industria conserveira perdeu dinamismo e competitividade. A política dictatorial intervencionista<sup>33</sup> non favorecía especialmente as industrias de bens de consumo, particularmente á industria conserveira. Hacia finais dos 50 a industria acadou unha certa recuperación. A produción medrou lentamente ata chegar, na metade dos 60, ao nivel dos anos da Guerra Civil. Algunhas empresas ineficientes pecharon e o sector abriuse de novo cara o mercado internacional. Algunhas empresas expandíronse especializando a súa produción (integración vertical). Por outra banda, a actividade extractiva experimentou unha remarcable transformación. No sector pesqueiro introducíronse novas tecnoloxías como os buques-factoría, novas artes que desplazaban as tradicionais e modernos instrumentos de pesca. As compañías pesqueiras buscaron novos bancos de pesca alternativos aos tradicionais do Gran Sol chegando a Sudamérica e África.

#### ***3.1 Estructura da ocupación e mobilidade xeográfica en Bueu: continuidade e cambio.***

A composición sectorial do mercado de traballo local no 1960 era similar à de 1924 (Ver a Figura 3 e Taboa A.1 no Apéndice), excepto polo que se refire ao sector servizos, o cal medrou no período de análise dende 1.1 por cento no 1870, 5,5 por cento no 1924 e 9 por cento no 1960. Como consecuencia dun incremento da demanda do peixe en lata incrementouse o servizo de transporte para a industria; pero tamén medraron a oferta educativa e sanitaria e os servizos turísticos<sup>34</sup> no concello de Bueu. O sector secundario comprendía o 61 por cento do total da ocupación. O cambio máis remarcable, en contraste con 1924, era o declive dos xornaleiros, que seguiu unha tendencia a baixa no longo prazo dende 1870 ata chegar a representar tan só un 1 por cento, como se pode ver na Figura 3.

<sup>30</sup> A industria conserveira galega multiplicou por 7 a produción entre 1900 e 1935, o cal representaba un 62 por cento sobre a exportación de peixe española. Ver Carmona, J. *O mar e a industrialización de Galicia*, Museo do Pobo Galego, Santiago, 1996, p. 254.

<sup>31</sup> Inicialmente, produción e exportación incrementáronse debido a depreciación da moeda e a unha boa colleita de sardiñas. Sen embargo, a contracción xeral do comercio internacional e os problemas de pagos dos países Sud-africanos, os principais vendedores de sardiñas galegas contribuían ao declive de exportación das conservas.


<sup>32</sup> Desde 1925 a 1929, o 17 por cento da produción de conservas vendéuse en España. Ver Carmona, J. *Ibidem*, p. 259.

<sup>33</sup> O sistema intervencionista e proteccionista caracterizaba as políticas franquistas de control completo sobre a economía. O control cubría salarios, prezos, produción agrícola, comercio, (restricións cuantitativas sobre a importación, intercambio e inversión). Ver Salmon, K., *The modern Spanish Economy. Transformation and integration into Europe*, London, 1995 p 3-4.

<sup>34</sup> En 1961 Bueu recibiu 92 familias, maioritariamente de Madrid, que se aloxaban en pensións, casas particulares e habitacións subarrendadas. Isto implicaría unha substancial axuda para as familias de Bueu. Fonte: *Censo de familias veraneando en Bueu*, 1961, AHB.

Figura 3.

**Ocupacións en Bueu, 1960. (T.Mostra=1096)**



Fonte: Padrón de Poboación de 1960

Homes e mulleres ocupados en oficios tradicionais incrementaban o seu número. ¿Cómo se explica este comportamento?. Isto é debido ao feito de que algúns dos traballos especializados, relacionados coa pesca e coa transformación da mesma foron incluídos nesta categoría (follalateiros, carpinteiros, redeiras, pescantinas, mariscadoras). O emprego tanto na pesca como na agricultura non presenta grandes variacións con respecto a 1924, representando o 23.7 e 1.1 por cento do total da ocupación respectivamente no ano 1960.

A inmigración nos anos 60 segue a estar relacionada coa actividade extractiva e coa industria conserveira como se pode ver nalgúns profesións como técnicos, mecánicos, motoristas navais. Tamén persistiron algúns oficios tradicionais (carpinteiros, redeiras) A inmigración incrementouse con respecto a de 1924<sup>35</sup>, representando un 10 por cento sobre a mostra de poboación<sup>36</sup>. A inmigración familiar era aínda máis relevante no 1960 que nos anos anteriores. Contabilizáronse cincuenta familias, nas que todo-os membros tiñan a súa orixe fora de Bueu, predominantemente, familias nucleares de 4 ou 5 membros. Iste elemento de continuidade na estrutura da familia desde o último tercio do século XIX mostra como os cambios económicos coexisten cunha certa estabilidade social.

<sup>35</sup> En 1960, Bueu tiña un baixo nivel de emigración (34 persoas dunha mostra de 1911 emigraron e 204 inmigraron). A emigración seguía como destino predominantemente o mercado de traballo ultramarino: Arxentina, Cuba, Brasil e Uruguay. Isto é diferente do que sucedía en outros municipios expulsores de poboación, nos que a actividade básica era a pesca como por exemplo Malpica. Ver González Laxe, *Estructura da pesca costeira galega*, Vigo, 1977, p. 45.

<sup>36</sup> As mulleres inmigrantes casadas superaban aos homes casados para o grupo de idade entre 20 e 40 o cal podía ser indicativo dunha aplicación do mercado matrimonial xa que viñan das municipalidades máis cercanas. Os homes casados presentaban un orixen máis diverso (outras rexións de España i extranxeiros: Arxentina, EEUU e Cuba). Os solteiros proviñan de concellos cercanos.

### 3.2 Ocupación segundo idade e sexo en 1960

*Táboa 5. Tasas de actividade masculina en <sup>Bueu, 1960</sup>*

Edade	Total N.	T. Activ.	Pesca %	Agro %	Sal.e Con. %	O.Trad. e Ind. %	Com. e Serv. %
0-5	113						
6 to 10	72						
11 to 15	90	27.7	76			20	4
16-20	102	55.8	63.1	3.5		24.5	8.7
21-25	80	66.2	50.9	3.7	3.7	26.4	15
26-30	85	63.5	75.9		3.7	5.5	14.8
31-35	57	63.1	44.4		2.7	19.4	33.3
36-40	51	82.3	50	2.3	2.3	19	26.1
41-45	52	94.2	38.7			28.5	32.6
46-50	54	85.1	43.4	4.3	2.1	21.7	28.2
51-55	53	58.4	70.9	3.2	3.2	9.6	12.9
56-60	59	74.5	56.8	2.2	2.2	13.6	25
>60	75	56	52.3	2.3	4.7	28.5	11.9
Total	943	63.1	55.9	2	2.2	20	19.6

Source: Padrón de Poboación en 1960, AHB.

*Táboa 6. Tasas de actividade feminina <sup>1960</sup>*

Idade	Total N.	T. Activ.	Salga. e Cons. %	O.Trad. e Ind. %	Com. e Serv. %
0-5	98				
6 to 10	92				
11 to 15	81	22.2		94.4	5.5
16-20	79	87.3	65.2	21.7	13
21-25	71	90.1	92.1	1.5	6.2
26-30	74	90.5	92.5	1.4	5.9
31-35	56	83.9	91.4	2.1	6.3
36-40	63	85.7	90.7	1.8	7.4
41-45	62	95.1	98.3	1.6	
46-50	53	92.4	83.6	2	14.2
51-55	77	87	92.5		7.4
56-60	58	91.3	84.9	1.8	13.2
>60	104	82.6	88.3	5.8	5.8
Total	968	65.3	85.3	6.9	7.7

Fonte: Padrón de Poboación de 1960, AHB.

As taxas de participación na pesca, como mostra a Táboa 6 se expanden dende o grupo de idade 11-15 ata os 30 anos e nos grupos de idades máis avanzadas, unha vez rebasados os 50 anos. En Bueu, como noutros concellos costeiros, mantense unha flota tradicional de baixura<sup>37</sup>. Isto implicaría unha continuidade da ocupación pai-fillo en embarcacións pequenas de propiedade familiar. En cambio, parte dos mariñeiros casados en idade adulta

<sup>37</sup> En 1960 Bueu contaba con 2 embarcacións a vapor, 58 de motor, 645 a vela e 432 a remo. Fonte: Anuarios de Pesca marítima (Dirección Xeral de Pesca Marítima).

podían estar enrolados na flota de altura en portos maiores, principalmente no de Marín e Vigo. O cambio técnico na pesca con novas embarcacións de maior potencia permitía ampliar o radio de acción aos caladeiros do Atlántico Nordeste, banco Canario-Sahariano, etc.<sup>38</sup>. A participación masculina adulta na conserva decrece con respecto a 1924<sup>39</sup>. En cambio, incrementábase en actividades tradicionais, construción, comercio e servizos.

Nos anos 60 a taxa de participación na pesca incrementouse nos adolescentes como mostra a Taboa 5, o cal podería relacionarse, en parte, coa existencia de escolas de pesca<sup>40</sup>. Non parece que haxa rapazas traballando para as conserveiras segundo o padrón de poboación o cal invirte a pauta de 1924. Sen embargo, o elevado número de xóvenes “modistas” podería ter máis que ver co tratamento de redes que con talleres de confección. No 1960, había 17 escolas primarias no concello de Bueu, e 7 na parroquia de S. Martín de Bueu. Os nenos na escola estaban separados por sexo (5 das escolas). Desafortunadamente, as faltas de asistencia non están dispoñibles para ningunha destas escolas. Segundo outra fonte, a enquisa de Cáritas, no 1963 existían problemas de falta de asistencia cun 20 por cento dos nenos rexistrados<sup>41</sup>. Así que os adolescentes poderían ser requeridos nos momentos de alta demanda de traballo na pesca e transformación da mesma.

A transformación de peixe é a actividade que mantén unha maior participación feminina no mercado de traballo no 1960, como se aprecia na Táboa 6. Nos primeiros grupos de idade existiría unha adicación maior a outras actividades auxiliares debido à restrición de contratación de menores de 16 anos na industria. Entre 1924 e 1960, o mercado de traballo continuaba a ser dual,<sup>42</sup> segmentado por sexo e de base temporal. O primeiro segmento implicaba promoción interna e salarios elevados. Iste segmento estaba composto por homes que ocupaban postos técnicos e na administración da empresa. A presenza feminina neste segmento era escasa excepto polo que se refire a unhas poucas mulleres solteiras con postos administrativos (Ver a Táboa 7). O segundo segmento de traballadores pouco cualificados, con limitadas posibilidades de mobilidade vertical na empresa, estaba composto por mulleres. A maioría das mulleres eran reclutadas estacionalmente e algunhas traballaban a destallo<sup>43</sup>. A composición do traballo feminino na empresa Massó no 1938 recóllese na

<sup>38</sup> Para maior detalle ver Varela Lafuente, M. Procesos de produción en el sector pesquero en Galicia, 1985, Santiago, pp. 153-157.

<sup>39</sup> En Bueu, Massó ocupaba a 71 homes, e a 541 mulleres, sen incluír os destallos, en 1960. Fonte: *Libros de Xornais de Massó*, 1960.

<sup>40</sup> En 1972 había en Bueu unha Escola de *Formación profesional de Pesca* en parte promovida pola familia Massó que costeaba os edificios. Ver Estévez, J *Reconocer Bueu*, Pontevedra, 1996, p.121.

<sup>41</sup> Como resposta á cuestión: Cúal es el número de faltas de asistencia debido al trabajo estacional?. Fonte: *Encuesta de Cáritas*, 1963, Legajo 775, Sección A.2.1 Actividades Económicas y Sociales, AHB.

<sup>42</sup> Piore trata a segmentación dos mercados de traballo, argumentando a existencia de dous sectores: (1) Un sector primario, que ofrece postos de traballo con salarios elevados, boas condicións de traballo, posibilidades de promoción i equidade no cumprimento das normas laborais. (2) Un sector secundario con postos peor pagados, poucas posibilidades de avance, control e disciplina laborais duros i elevada rotación dos traballadores. Dentro do sector primario existía unha subdivisión nun segmento superior e outro inferior. O superior estaría integrado polos profesionais e directivos, caracterizándose este grupo por obter una millor remuneración e maiores posibilidades de ascenso. Neste caso, as pautas de mobilidade e rotación ascendentes. Isto está documentado en Piore, M.J., "Una estratificación del mercado de trabajo", en Toharia, L. *El mercado de trabajo. Teorías y aplicaciones*, Madrid, 1983.

<sup>43</sup> O pago a destallo provefa as condicións de desigualdade social feminina non só debido ao baixo pago e ao feito de que os individuos non negociaban os salarios senón tamén debido a que estas mulleres tiñan asignadas cuotas

Táboa 7 que mostra algunhas diferencias entre a factoría e as actividades auxiliares como a reparación de redes e a produción de envases. En xeral, os contratos de traballo femininos durante os anos 30 eran temporais salvo por algúns postos administrativos permanentes.

*Taboa 7. Traballo Femenino na firma Massó (1938)*

Lugar de Traballo	Edade	Casadas (con nenos)	Casadas (sin nenos)	Viudas	Solteir.	Total	Salario día (Ptas.)	Contrato Laboral
Factoría	15-60	250	25	28	383	686	1.7-3.5	Tempor.
Redes	25-60	1		1	6	8	2-3	Tempor.
Envases	16-48	18	2	1	78	99	3-4.2	Tempor.
Oficina	23-32				3	3	5.33	Perman.

Fonte: Estadística de traballo del Ayuntamiento de Bueu, 1938, AHB.

Nos anos 40, os contratos de traballo redefiníronse como “permanente-continúo,” ou fixo, “permanente- intermitente” ou fixo-discontinúo e “eventual”<sup>44</sup>. A nova clasificación proveía unha pequena ventaxa sobre as mulleres que eran reclutadas anualmente. As traballadoras “intermitentes” que eran a maioría na firma Massó, tiñan a mesma regulación cas permanentes en canto a certos seguros sociais como o de enfermidade. Despois da temporada de procesado do peixe, a relación laboral non se consideraba extinta, sómentes interrompida. Ademais, estas traballadoras “permanentes-intermitentes” podían acceder a un contrato “permanente-continúo” si existía algunha vacante nalgunha das categorías ocupacionais superiores. Istes novos tipos de contratos implicaban unha maior estabilidade no emprego, beneficios sociais e unha certa promoción interna.

As “escaleiras de traballo” limitaban os contratos femininos a certas ocupacións na base de entrada, mentras cos demais postos reservábanse para o traballo masculino. Os mercados internos de traballo separaban homes e mulleres i estas últimas tiñan escasas oportunidades de cubrir categorías laborais masculinas. O nexos entre os Expedientes dos traballadores da firma Massó no período 1920-1960 e o Libro de Xornais do 1960 serviron de fonte documental para demostrar que, de feito, as mulleres permanecían efectivamente restrinxidas a traballos na base da pirámide ocupacional e continuaban estando peor pagadas que o máis baixo dos salarios masculinos. Na conserva, como noutras manufacturas,<sup>45</sup> os salarios masculinos medraban ao longo do ciclo vital, como se pode ver na Figura 4. A pesar de que este crecemento non era esaxerado, 25 por cento despois de 20 anos de traballo na compañía, suxire a existencia de mercados internos de traballo. Sen embargo, no caso das mulleres, o incremento salarial era aínda máis feble, só no grupo de

---

de produción en orden a reter os seus traballos. Unha regulación interna de Massó no 1940 establecía o pago de un día de traballo segundo a produtividade. Ver *Massó Hermanos S.A. Regimen Interno*, 1940. As dúas conserveiras de Bueu contrataban traballadores permanentes e temporais. Primeiro, Massó Hermanos, tiña 134 traballadores permanentes, homes e 751 mulleres. Segundo, Antonio Alonso tiña 12 traballando permanentemente e 365 mulleres temporais en 1936. Legallos 3337-340, Trabajo, Estadísticas de Paro Obrero, AHB.


<sup>44</sup> Os postos fixo-discontinúo acadábanse debido a que a compañía contrataba ano tras ano a estes traballadores na época de maior actividade da industria. Ver *Reglamentación Nacional de Trabajo en las industrias de conservas y salazones de pescado y similares*. Orden del 17 de julio de 1939, B.O.E do 29.

<sup>45</sup> No contexto Catalán da industria textil, os salarios masculinos incrementábanse coa antigüedade mentras que os femininos mantiñanse constantes no tempo. Ver Camps, E.(1995)

maior antigüedad, o cal implica poucas posibilidades de promoción interna. Ademais, os salarios das mulleres cualificadas eran similares aos dos homes non-cualificados cunha antigüedad inferior aos 10 anos<sup>46</sup> e tampouco recibían un incremento salarial segundo o ciclo vital. En definitiva, a Figura 4 mostra a existencia de mercados internos de traballo para os homes e a ausencia para as mulleres.

Figura 4.

**Salarios segundo antigüedad, sexo e cualificación  
(Mostra=228)**



Fonte: Nóminas da Compañía Massó, 1920-1960, e Libro de Xornais de 1960, AHM.

Neste segundo periodo de análise as mulleres constituían a maioría da forza de traballo na industria conserveira, aínda que existía desigualdade salarial e de promoción interna con respecto aos homes.<sup>47</sup> As mulleres casadas con nenos seguían a traballar no procesado de peixe<sup>48</sup>. Algúns cambios na lexislación industrial ocorridos neste segundo periodo parecían

<sup>46</sup> Isto compróbase tamén nas fontes oficiais que regulaban os salarios do personal de fabricación. Por exemplo, no 1946 unha obreira especializada ganaba practicamente o mesmo ca un peon. Ver a Orden de 20 de febrero de 1946, no BOE do 22/2/1946.

<sup>47</sup> No a1960, como pasaba no 1924, o traballo feminino na industria non estaba completamente cuantificado no padrón Co cruce dos libros de salarios de Massó e o padrón en 1960, compróbase que as mulleres traballando para Massó aparecen cun traballo estaban rexistradas como servizo doméstico, modistas ou "sus labores." Por exemplo, de unha submostra de 135 traballadoras, 52 aparecen como "sus labores" no padrón.

<sup>48</sup> En outras industrias alimentarias como a californiana, a discriminación por sexo ía acompañada á étnica. O caso das mulleres mexicanas foi estudado por V. Ruiz, que sinala a participación das casadas cando un ingreso adicional era requerido pola unidade familiar: "Teenage daughters often entered the labor market first, followed by their mothers if additional income was needed. ...Married women workers frequently justified their employment as only temporary. The seasonal nature of the food procesing industry reinforced the notion of women's partici-

millorar as condicións das mulleres casadas. Como exemplo poderíamos sinalar os seguros de maternidade durante a Segunda República. Sen embargo, este cambio produciu unha reacción negativa das obreiras conserveiras porque supuxo un impacto negativo sobre os salarios. Os beneficios non compensaban o coste do servizo debido a que a contratación era basicamente temporal.<sup>49</sup> Outros cambios que beneficiaban en maior medida as traballadoras tiveron lugar durante a Autarquía e foron a prevención de accidentes e maila prohibición de realizar traballos perigosos<sup>50</sup>.

#### 4.- CONCLUSION

O desenrolo da industria conserveira e a continuidade da salgazón modificaron o mercado de traballo en poboacións costeiras como Bueu. O cambio máis remarcable no primeiro periodo de estudo foi o declive da agricultura e o incremento de oportunidades de emprego na conserva. Ao mesmo tempo, o sector conserveiro dinamizou a pesca e outras actividades auxiliares. No segundo periodo analizado, o crecemento do sector secundario impulsou os servizos e comercio, que foron ganando importancia ao longo do periodo. Compre destacar a incipiente importancia dos servizos turísticos como parte das estratexias familiares de complemento de ingresos nas vilas costeiras. Ao longo de todo o periodo, a localización e desenrolo da industria local modificaron a pauta migratoria rexional atraendo distintos tipos de inmigración (interna i externa), de familias e individual. Neste sentido, as poboacións costeiras, Bueu en particular, non só eran un nexos entre as áreas do interior e o mercado ultramarino, tamén constituían emplazamentos de residencia definitiva: Bueu mantivo unha balanza migratoria positiva nos anos estudados o cal non é un común nun modelo rexional de alta presión demográfica como historicamente foi o galego.

Este traballo aporta novos datos que provan a importancia do traballo feminino e infantil para a economía familiar e local. En xeral, historiadores i economistas asumían que as mulleres -activas na forza de traballo a idades tempranas- abandonaban o traballo asalariado cando casaban. Incluso en épocas recentes en España, as estadísticas sinalan que as taxas de participación no mercado de traballo son moito máis altas para homes que para mulleres. Sen embargo, historicamente, as poboacións costeiras constitúen unha excepción ao que é considerado tradicionalmente a pauta de traballo feminino. Na industria de procesado de peixe a taxa de participación feminina foi elevada nos séculos XIX e XX. Non soamente as mulleres novas e solteiras entraban no mercado de traballo, senón que permanecían nel as casadas e viúvas. Ao final do periodo de estudo, as mulleres representan a metade da forza de traballo local. Nembargantes, o mercado de traballo na conserva caracterízase por ser dual e segmentado. Os mercados internos de traballo non

---

*pation in in the labour force as temporary or supplemental". See Ruiz, V. Cannery women cannery lives, University of New Mexico Press, 1987, pp. 14-15.*

<sup>49</sup> Algunhas notas de prensa denuncian as queixas acerca do pago do seguro de maternidade. As razóns aludidas polas traballadoras eran: 1) *Porque cuando contraen matrimonio abandonan las fábricas perdiendo el derecho al subsidio y a las cuotas aportadas.* (2) *Porque el trabajo es eventual poco más de medio año.* (3) *Porque los sueldos comprendidos entre 2 y 3,25 pesetas no permiten dispendio que no responda a una necesidad ampliamente sentida.* " Ver Faro de Vigo (24/12/1931).

<sup>50</sup> As mulleres estaban remuneradas con un suplemento do 15 por cento do seu salario, si realizaban unha tarefa perigosa en *Información Social*, Revista de Industria Conservera, 1951 .

funcionaban para as mulleres que, mesmo en categorías laborais de cualificación media, percibían un salario inferior ou igual ao das categorías masculinas non cualificadas. Aínda que a estrutura formal do mercado de traballo non favorecera as donas, compre concluir que, en Bueu, como noutras poboacións da costa galega, a presenza das mulleres e nenas nas factorías locais significaba unha contribución tanto a economía familiar e local como ao crecemento da industria conserveira.

## APÉNDICE

*Taboa A.1 Estructura Ocupacional, 1870, 1924 e 1960*


*1870: T. Mostra de Poboación = 1925, T. Traballando = 1304*

*1924: T. Mostra de Poboación = 2132, T. Traballando = 1212*

*1960: T. Mostra de Poboación = 1911, T. Traballando = 1131*

Ocupación	1870		1924				1960					
	Home abs.	Home %	Muller abs.	Muller %	Home abs.	Home %	Muller abs.	Muller %	Home abs.	Home %	Muller abs.	Muller %
Labrega	140	26.9	254	32.6	12	2.1	2	0.3	10	2.0	3	0.4
Mariñeiro	124	23.5			300	53.2			268	54.6		
Xornaleiro/a	206	39.1	474	60.9	115	20.4	626	96.6	11	2.2	540	84.4
Oficios tradicionais	31	5.8	22	2.8	15	2.6	3	0.4	72	14.6	40	6.2
Industriais	9	1.7	2	0.2	17	3.0			24	4.8	4	0.6
Comercio	10	1.9	12	1.5	42	7.4	6	0.9	34	6.9	5	0.8
Profesións	3	0.5	2	0.2	5	0.8	2	0.3	12	2.4	4	0.6
Liberáis												
Servicio Doméstico			12	1.5			9	1.4			26	4.0
Outros												
Servicios	3	0.5			58	10.3			60	12.2	18	2.8
Total	526	100	778	100	564	100	648	100	491	100	640	100

Fonte: Padróns de Poboación en 1870, 1924, e 1960, AHB.



Fonte: Padrón de Poboación de 1924 e Libros de Xornáis de Massó.

## BIBLIOGRAFÍA

- Brown, M. and Philips, P. (1986) "Craft Labour and Mechanization in XXth century American Canning" in *Journal of Economic History*, n. 3, pp. 134-135.
- Brown, M., Christiansen, J., and Philips, P. (1992) "The Decline of Child Labor in the US. Fruit and Vegetable Canning Industry: Law or Economics?". *Business History Review*, Vol 66, Winter.
- Camps, E., (1985), La formació d' una ciutat catalana sota l' impuls de la industrialització, Master Tesis, Fac. Economía, Universitat Autònoma de Barcelona, 1985.
- (1991), "Las economías familiares dentro de un contexto histórico comparado", *Revista española de investigaciones sociológicas*, 55, 1991.
- (1995), La formación del mercado de trabajo industrial en la Cataluña del siglo XIX, Madrid.
- (1996) *De ocupación sus labores. El trabajo de la mujer en los albores del siglo XX (Sabadell 1919-20)* Working Paper, Universitat Pompeu Fabra.
- Carmona, J. (1983), "La industria conservera gallega, 1840-1905" en *Papeles de economía española*, Vol, 3, pp. 177-191.
- (1996) *O mar e a industrialización de Galicia*, Museo do Pobo Galego, Santiago.
- Estévez Castro, (1996), J. M., *Reconocer Bueu*, Pontevedra.
- Giraldez, X. (1996), *Crecimiento y transformación del sector pesquero gallego (1880-1936)*, Madrid.
- González Laxe, E.L *Estructura da pesca costeira galega*, Vigo, 1977, p. 45.
- González Portilla, M.(1994), "Internacionalización de la economía vasca y protoindustria", *Boletín ADEH*, vol. 4.

- Hareven, T. (1996) "The History of the Family and the Complexity of Social Change", American Historical Review, 96, 1, 95-124.
- Le Play, F. (1990) *Campeños y pescadores del Norte de España*, Clásicos Agrarios, Madrid.
- Lopes Cordeiro, J.M. (1990) "Algumas características da industria portuguesa de conservas nas vísperas do segundo conflito mundial" W. P., Universidade do Miño, Lisboa.
- Nadel Klein, J. e Lee Davis, D.(1987) *To work and to weep. Women work in fishing economies*.
- Newell, D. (1988), "The rationality of Mechanization in the Pacific Salmon-Canning Industry before the Second World War", Business History Review, no 62, pp. 626-55.
- Núñez, C.E. (1992) *La fuente de la riqueza. Educación y desarrollo económico en la España Contemporánea*, Alianza Universidad, Madrid.
- Pardellas, X.(1987), "El trabajo de la mujer en la pesca y el marisqueo en Galicia", *Jornadas sobre economía y sociología de las comunidades pesqueras*, Universidade de Santiago de Compostela.
- Pérez Moreda, V e Reher, D.(1988), ed. *Demografía Histórica en España*, Madrid.
- Piore. M.J. (1983), "Notas para una estratificación del mercado de trabajo", in Toharia, L. El mercado de trabajo. Teorías y aplicaciones, Madrid.
- Reher D.,Pombo, M. y Nogueras B. (1993), *España a la luz del Censo de 1887*, Madrid.
- (1997) *Perspectives on the family in Spain, Past and Present*, Oxford.
- Ruiz, V., (1987), *Cannery women cannery lives*, Albuquerque.
- Varela Lafuente, M.(1985) *Procesos de producción en el sector pesquero en Galicia*, Santiago.